



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, Alcalde do Concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL DUN (1) OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL AO ABEIRO DO PROGRAMA TR351G-GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026 DO CONCELLO DE A BAÑA.

Expte. TEDEC: 2026/G003/000375(Decreto)

Expte TEDEC: 2026/E001/000006 (Bolsa de Emprego).

Expte TEDEC: 2026/A008/000013(Subv).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto o artigo 20.5 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados para o exercicio 2024, 20225 e 2026, que establece que "Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".

Visto que en data 18 de maio de 2026 se dita providencia de inicio do presente expediente de selección de persoal onde se indica que "nestes momentos por necesidades do servizo público o Concello precisa dotarse dun **OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL** en réxime de dereito laboral temporal para a prestación do servizo que desenvolverá as tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal, ao abeiro da subvención convocada pola Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026). Consellería de Emprego, Comercio e Emigración durante un período de nove meses.

Visto que as tarefas desempeñadas polo persoal encadrado na categoría obxecto do presente proceso selectivo resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ao Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para salientar as ausencias prolongadas do seu persoal ao no dispor esta entidade de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc., do persoal ao seu servizo.

Vista a Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026). Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Visto que con data 17/02/2026 o Concello da Baña acepta as referidas bases e solicita unha subvención por importe de 50.865,09 € a través de resolución de Alcaldía con número de Decreto 104/2026, de 17 de febreiro de 2026.

Visto que con data do 21 de abril de 2026 rexístrase de entrada no Concello da Baña, a resolución de favorable de concesión de subvención por importe de 50.865,09€ dos seguintes traballadores, para a realización da obra ou servizo denominado: PLANIFICACIÓN PREVENTIVA, VALORIZACIÓN FORESTAL, LIMPEZA DE MONTES E REPARACIÓN E MANTEMENTO DE INFRAESTRUCURAS, DO CONCELLO DA BAÑA :

Nº persoas traballadoras	Ocupación	Xornada	Duración
1	OPERADOR/A MAQUINA FORESTAL	100%	9 MESES
2	PEÓN /PEOA FORESTAL	100%	9 MESES

Vistas as bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión urxente, polo sistema de oposición, dun **OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL** como persoal laboral temporal por un período de 9 meses no Concello da Baña que se anexan ó presente Decreto.

Visto informe de Secretaría – Intervención de data 20/05/2026.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 410/2023 de, de data 19 de xullo de 2023, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar as bases que regulan a selección para a contratación dunha persoa para o posto de **OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL** como persoal laboral temporal para o Concello da Baña ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G), que se axuntan como Anexo I.

Terceiro: Publicar o presente decreto xunto coas bases reguladoras na páxina web do concello, na súa sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como no taboleiro de anuncios municipal.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente, do que eu Secretaria – Interventora, Paula Martís Torres, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

ANEXO I

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL DUN (1) OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL AO ABEIRO DO PROGRAMA TR351G- GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026 DO CONCELLO DA BAÑA.

Expte TEDEC: 2026/E001/000006 (Bolsa de Emprego).

Expte TEDEC: 2026/A008/000013 (Subv).

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

É obxecto das presentes bases a contratación dun/ha:

- Traballador/a como **OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL**, grupo de cotización 9 en réxime laboral temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), por un período de 9 meses, para desenvolver o servizo denominado **“PLANIFICACIÓN PREVENTIVA, VALORACIÓN FORESTAL, LIMPEZA DE MONTES E REPARACIÓN E LIMPEZA E MANTEMENTO DE VÍAS”**, a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026). Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A contratación do citado traballador realizarase na forma prevista no artigo 14 da orde de convocatoria e para a contratación, segundo o establecido no artigo 15, empregárase exclusivamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405). Os contratos de traballo subscritos deberán comunicarse necesariamente a través da aplicación CONTRAT@, marcando a opción específica “interese social corporacións locais” que figura no punto “Datos específicos do contrato”.

SEGUNDA. Publicidade.

A publicidade das bases farase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do concellos de A Baña, na páxina www.concellodabana.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/informacion/>



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Os resultados da valoración da fase de concurso e os resultados da fase de oposición, citacións e emprazamentos ás persoas aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de A Baña, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante o concello, se o estima oportuno, poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

TERCEIRA. Duración do contrato, modalidade contractual, retribución e funcións.

1 O carácter do contrato é temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detállase seguidamente:

OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL Núm. de postos: 1

Grupo de Cotización: 9

Xornada: Completa (100%)

Duración: 9 meses.

Ámbito: No termo municipal do Concello de A Baña.

Funcións: Conduciran, manexaran, operaran e controlaran un o mais tipos de maquinas motorizadas, maquinaria móbil ou equipos utilizados en operacións forestais, para levar a cabo actuacións de:

- Mantemento de áreas recreativas.
 - Mantemento de zonas verdes e das especies autóctonas-controlar as especies invasoras.
 - Mantemento e limpeza de beirarrúas e vías municipais, e regatos.
 - Labores de limpeza e acondicionamento das fincas do concello onde se sitúan depósitos de auga.
 - Limpeza na contorna dos paneis interpretativos e das rutas de sendeirismo.
 - Colaborar cos axentes e traballadores forestais para a prevención e loita contra incendios.
 - Labores de poda.
 - Eliminación de herbas invasoras e controlar malezas empregando ferramentas, maquinaria e produtos químicos (operar coa motoserra e outra maquinaria mecánica).
 - Recollida de residuos (retirar madeiras e polas) e xestión da biomasa forestal nas vías e camiños de titularidade municipal.
 - Realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, ...
 - Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.
- 2 A modalidade contractual: contrato de traballo temporal para vinculado a programas de políticas activas de emprego, segundo o establecido no artigo 14 da Orde de convocatoria da subvención (código de contrato 405).
- 3 A selección da persoa traballadora será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. A ocupación demandada na oferta pública que



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

esta entidade solicita corresponde cos códigos do **CNO** :OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL, **83221013**.

- 4 O convenio de aplicación, mentres non exista convenio de aplicación propio no Concello da Baña será o: OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL: (**Convenio Actividades Forestais 99100225012019**).
- 5 A retribución do salario bruto mensual incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador é de: OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL: **1.424,5 €/mes**

CUARTA. Requisitos das persoas aspirantes para participar no proceso selectivo, presentación de documentación e prazos.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- 1 Ser español/a ou membro da Unión Europea. (Presentación DNI orixinal ou copia compulsada)
- 2 Ter cumpridos os 16 anos ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo, e non exceder a idade establecida como máxima de xubilación forzosa. (Presentación DNI)
- 3 Declaración xurada: ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de acreditar os requisitos no proceso de selección. (Xúntase anexo I).
- 4 Declaración xurada: non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa. (Xúntase anexo I).
- 5 Non estar incuso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas. (Xúntase anexo I).
- 6 Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª do EBEP).
- 7 Estar inscrito/a como persoa desempregada no Servizo público de Emprego como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego e reunir os requisitos establecidos no artigo 14º da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026). Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que no punto 6 establece literalmente:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

“Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

8 Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as no correspondente código do CNO na Oficina Pública de Emprego de Galicia: OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL, **CNO: 83221013**

9 As persoas traballadoras que foran contratadas no programa Aprod rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE). (artigo 14º, punto 3).

As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia tamén poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan suscrito, así como da duración do período de non actividade.

10 Estar en posesión do permiso de conducir B. (Presentación do permiso de Conducir B1).

11 Achegar anexo I. Cuberto e asinado no anverso e no reverso.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O concello solicitará as persoas candidatas para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta na Oficina pública de emprego de Santiago Norte no prazo máximo de **5 días hábiles** dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas candidatas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado.

Soamente serán admitidos/as e poderán presentarse a este proceso as persoas candidatas que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outra persoa candidata que non figure no citado listado.

Proba práctica e documentación acreditativa de méritos:

Datas para a realización da/s proba/s.

- As persoas candidatas deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira xunto co Concello de A Baña (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina Pública de Emprego e o Concello de A Baña acorden) nas dependencias municipais do Concello de A Baña que se acorde, co DNI.

As persoas candidatas deberán realizar unha ou varias probas prácticas para optar ás prazas.

As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facer constar na súa solicitude se precisan de adaptación para realizar das probas conforme a Orden PJC/804/2025, de 23 de xullo, pola que se establecen criterios xenerais para a adaptación de medios e tempos e a realización de outros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

As persoas aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello de A Baña (en horario de 9:00h a 14:00h) dende o día seguinte á data de publicación da lista de persoas candidatas preseleccionadas pola oficina pública de emprego no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de A Baña ata ó día anterior da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente o/a candidato/a non poderá ser baremado/a. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación laboral.

As persoas candidatas, poderán achegar os documentos acreditativos para a valoración de méritos:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Maiores de 45 anos	DNI
Mulleres vítimas de violencia de xénero	1 DNI. 2 Documentación sentenza xudicial e/ou orde de protección
Persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato	1 Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade social actualizado mínimo na data de publicación destas bases. 2 DNI. 3 Titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado.
Persoas paradas de longa duración (Parados de longa duración: aqueles que leven máis de 1 ano en desemprego)	1 DNI 2 Informe de Vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade social ou certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia, actualizados mínimo na data de publicación destas bases.
Persoas con discapacidade	1 DNI 2 Certificación correspondente da discapacidade igual ou superior ao 33%.
Persoas desempregadas que esgoten as prestación e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	1 DNI 2 Certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia actualizado mínimo na data de publicación destas bases.
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.	1 DNI 2 Informe da traballadora social: para acreditar colectivos desfavorecidos actualizado mínimo na data de publicación destas bases (se é o caso). 3 Documento probatorio de que a persoa vive socialmente coa súa verdadeira identidade (se é o caso).
Aqueles desempregados/as e teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.	1 DNI 2 Informe/certificado de Oficina/Servicio Público de Emprego de Galicia para acreditar IPI'S actualizado mínimo da data de publicación destas bases
Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou acción formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.	1. Diploma acreditativo probatorio da acción formativa na que participou.
Existencia de cargas familiares, entendéndose por estas, ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	1 DNI 2 Copia compulsado do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, certificado/informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

	anterior que acredite ditas circunstancias.
Acreditar nivel de desemprego	Certificado/informe do servizo público de emprego de ser perceptor de desemprego, subsidio, ou non perceptor actualizados mínimo na data de publicación destas bases
As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España	1 Certificado de emigrante retornado emitido pola oficina do Ministerio de Traballo e Seguridade Social. 2 Permiso de residencia e traballo en España.

QUINTA. Comisión seleccionadora

Composición da comisión seleccionadora

1. A comisión será nomeada pola Alcaldía e estará composta por 5 membros: un/unha presidente/a, 3 vogais, e un/unha secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, a composición da comisión seleccionadora das probas selectivas deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

2. A comisión seleccionadora estará integrada como segue:

A.- PRESIDENTE/A: O secretario/a interventor/a da corporación ou funcionario/a en quen delegue.

B.- SECRETARIO/A: Un funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de A Baña ou doutra administración local que se designe, con voz pero sen voto.

C.- VOGAIS: Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de A Baña ou doutra administración local que se designen.

D.- ASESOR/A ESPECIALISTA que colaborará có órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas

3. A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo necesaria a asistencia do presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro. A comisión seleccionadora continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións patexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

4. Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

40/2015, de 1 de outubro, e de conformidade co artigo 24 deberán notificalo por escrito no que se expresará a causa ou causas na que se fundamenta, en caso contrario poderán ser recusados polos/as aspirantes se concorre algunha daquelas circunstancias, debendo notificalo por escrito á alcaldía.

5. A actuación da comisión seleccionadora axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

6. Serán de aplicación a dito Órgano as normas sobre constitución de órganos colexiados previstas nos art. 22, 23, 24 e seguintes da Lei 40/2015.

SEXTA. Proceso de selección.

O procedemento selectivo é o de **OPOSICIÓN**.

A Comisión seleccionadora realizará:

Proceso selectivo		Máximo a puntuar
FASE DE OPOSICIÓN	Proba/s práctica/s	28 puntos
VALORACIÓN DE MÉRITOS		12 puntos
TOTAL		40 puntos

1º.- FASE DE OPOSICIÓN:

Esta fase ten carácter obrigatoria e eliminatoria e consistirá nunha ou varias probas prácticas e, terá unha puntuación máxima de **28 puntos**.

As probas de carácter práctico serán acordada/s pola Comisión seleccionadora antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

Consistirán na realización de unha ou varias probas prácticas directamente relacionadas coas funcións a desenvolver no exercicio do posto de traballo e, relacionadas cas funcións redactadas na base terceira 3º Duración do contrato, modalidade contractual, retribución e funcións. Estas probas están dirixidas a determinar os coñecementos dos/das aspirantes sobre o posto de traballo a desenvolver, a profesionalidade e o coñecemento do medio.

A Comisión seleccionadora, valorará a rapidez e adecuación da resposta da persoa aspirante á situación proposta, a capacidade de valoración da situación á que se enfronta e a súa pericia no manexo da situación. Corresponderá a Comisión seleccionadora determinar o nivel mínimo exixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde para cada exercicio.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A puntuación mínima esixida para superar esta proba será de **14 puntos**.

FASE DE COMPROBACIÓN DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente. Esta proba non formará parte da fase de oposición, sendo simplemente unha proba para determinar o cumprimento do requisito de coñecemento da lingua galega

2º.- VALORACIÓN DE MÉRITOS:

A Comisión de Valoración examinará toda a documentación entregada polas persoas aspirantes.

Os méritos deberán acreditarse dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata o día anterior da realización das probas prácticas tal e como se indica na base cuarta, e deberán manterse ata a realización do contrato.

Establécense os seguintes criterios específicos a valorar: colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, cargas familiares e nivel de protección por desemprego, sumando unha puntuación máxima de **12 puntos**, tal e como segue:

PUNTUACIÓNS DA VALORACIÓN DE MÉRITOS:

1 COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL A VALORAR		Máximo 10.5 puntos
Mulleres	Mulleres 1 punto Vítima de violencia de xénero 1 punto	Máximo 1.5 puntos
Persoas demandantes menores de 30 anos	Menores de 30 1 punto. No suposto que sexan demandantes de primeiro emprego incrementarase en 0,50 puntos. No suposto daqueles demandantes que non teñan acadado os estudos de ESO incrementarase en 0,50 puntos.	Máximo 2 puntos
Persoas paradas de longa duración (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego).		1 punto
Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.		1 punto



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito		1 punto
Persoas desempregadas maiores de 45 anos.		1 punto
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da renda de integración social de Galicia ou as persoas trans.		1 punto
As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España		0.5 puntos
Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.		1.75 puntos
Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou acción formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.		1.75 puntos
2.- MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E CARGAS FAMILIARES		Máximo 1.5 puntos
Existencia de responsabilidades familiares.	(Entendéndose por estas, ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento). 0,50 puntos por persoa a cargo.	Máximo 1 puntos
O menor nivel de desemprego.	Perceptores de desemprego: 0,25 puntos. Perceptores de subsidios: 0,50 puntos.	Máximo 0.5 punto

A acreditación documental das distintas situacións nas que se atopan as persoas traballadoras desempregadas convocados/as están expostas na BASE CUARTA.

EMPATES:

En caso de empate, dirimirase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

1º) En caso de empate entre varios candidatos/as atenderase primeiro á maior puntuación acadada no apartado do colectivo.

2º) Se persiste o empate priorizarase aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.

3º) De persistir o empate atenderase á condición de mulleres vítimas de violencia de xénero.

4º) De persistir o empate atenderase á data de nacemento dos candidatos/as maiores de 45 anos, entendéndose que teñen prioridade o de maior idade sempre e cando non exceda a idade establecida como máxima de xubilación forzosa.

5º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada no apartado de cargas familiares.

6º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada no apartado nivel de



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

desemprego.

7º) Se persiste o empate atenderase á maior puntuación acadada na proba práctica.

8º) Por orde alfabética de primeiro apelido das persoas aspirantes, comezando pola letra "M" (RESOLUCIÓN do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia).

9º) De persistir o empate realizarase un sorteo entre os aspirantes implicados.

SÉTIMA. Resolución e formulación de contratos

1 Terminada a cualificación de todo o proceso selectivo, a comisión seleccionadora publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de A Baña a relación provisional de aspirantes aprobados, pola orde de puntuación.

2 Abrirase un prazo para a presentación de alegacións de **3 días hábiles** ós resultados acadados que se indicará cando se publique a listaxe das puntuacións provisionais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará no Taboleiro de edictos da corporación e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de A Baña.

3 Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor do aspirante que figure con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados listaxe de reserva.

4 Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido a persoa aspirante ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

5 Publicada a resolución de Alcaldía coa relación de aprobados e a aprobación da bolsa de emprego, o Concello da Baña xestionará dita bolsa segundo as necesidades do servizo. Detectada dita necesidade cursarase comunicación ós/ás membros/as da bolsa de emprego por estrita orde decrecente en base a puntuación obtida no proceso selectivo. As persoas incluídas na relación de aprobados contarán cun prazo de **3 días naturais** para cumprir coa obriga de comunicar a aceptación de prazas ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta. Este prazo de tres días hábiles poderá reducirse a **24 horas** si se declara expresamente a urxencia na cobertura da praza a través dunha providencia de Alcaldía.

6 Dita lista de reserva será exclusivamente á efectos de cobertura de renuncias, de baixas, ou a non acreditación (documento orixinal ou copia compulsada) por parte da persoa candidata nomeada para o posto dos requisitos recollidos na Base cuarta, en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

7 A bolsa de emprego resultante deste proceso selectivo terá vixencia permanente ata vindeira convocatoria da mesma e a súa xestión deberá ter presente o disposto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do empregado Público. Outorgase por tanto, aos/ás integrantes da lista de reserva dereito en relación á outros procesos de contratación para cubrir as vacantes que ocasionalmente puideran xurdir ou para atender necesidades de emerxencia e imprevistos en xeral do Concello da Baña mentres non existira convocatoria vixente para o mesmo posto e categoría profesional.

8 A persoa proposta para a praza deberá cumprir os requisitos esixidos nesta convocatoria durante o período de presentación da solicitude e mantelos ata o momento da realización da contratación e ademais estará obrigado antes da formalización de contrato (no prazo que lle indique o concello de A Baña) ó seguinte:

- Aportar a tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Aportar o certificado IBAN de conta bancaria na que figure como titular.
- Realizar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, no lugar e data que lle indique o concello de A Baña.
- Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período as persoas que o superen, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.
- A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.
- En tanto non se formalice o nomeamento e non se incorpore ó posto de traballo, a persoa aspirante non terá dereito a prestación económica algunha.

OITAVA. Interpretación das bases e recursos

A Comisión seleccionadora está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Así mesmo, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo non Boletín Oficial da Provincia (artigos 123, 124 e 30 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas). No caso de interpoñerse recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

NOVENA. Lexislación aplicable

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido nos:

- Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026). Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polos que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO.

En cumprimento coa actual normativa de Protección de datos de carácter persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal
Finalidade do tratamento	Xestión de persoal funcionario, laboral e eventual do Concello da Baña. Inclúense retribucións, situacións administrativas, dereitos e deberes, prevención de riscos laborais, formación, incompatibilidades, e outros aspectos incluídos na xestión do devandito persoal.
Lexitimación	Artigo 6.1.b) RXPDP o tratamento necesario para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou para a aplicación a petición deste de medidas precontractuais. Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal: - Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. - Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a - Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. - Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
Categoría de persoas interesadas	Persoal funcionario, laboral e eventual do Concello da Baña.
Categoría de datos	- Datos identificativos: nome e apelidos, DNI/NIF/documento identificativo, número de rexistro de persoal, número de Seguridade Social/Mutualidade, enderezo, teléfono de contacto e sinatura. - Datos de categorías especiais: tipo e grao de discapacidade. - Datos de características persoais: sexo, estado civil, nacionalidade, idade, data e lugar de nacemento, datos familiares.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

	<ul style="list-style-type: none">- Datos académicos e profesionais: titulacións, formación e experiencia profesional.- Detalles de emprego: Posto de traballo, carreira profesional administrativa e incompatibilidades.- Datos económico-financeiros: datos económicos de nómina, créditos, préstamos, avais, retencións xudiciais (no seu caso) e outras retencións (no seu caso).- Datos bancarios: número de conta bancaria para o pago da nómina.- Outros datos: relativos á acción social, datos sobre sancións en materia de función pública, certificado de ausencia de delitos de natureza sexual.- Informes e/ou recoñecementos médicos.
Destinatarios/as	Instituto Nacional de Administración Pública, Rexistro Central de Persoal, entidade a quen se encomende a xestión en materia de riscos laborais, Instituto Nacional da Seguridade Social e mutualidades de funcionarios, entidade xestora e depositaria do plan de pensións da Administración Xeral do Estado. Tesouraría Xeral da Seguridade Social, organizacións sindicais, Entidades bancarias e financeiras para o pago de nóminas, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Intervención Xeral da Administración do Estado, Administración do Estado e Administración Local.
Transferencias internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
Prazos de conservación	Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación aplicable no Concello da Baña.
Medidas de seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpran co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO I

DATOS DE CONTACTO

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
Marque cun X o tipo de notificación preferente:	
POSTAL <input type="checkbox"/>	DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA <input type="checkbox"/>
Solicita notificación por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal , ó que se poderá acceder co certificado electrónico asociado electrónico asociado ó DNI da persoa solicitante.	
ENVIARANSE AVISOS DA POSTA Á DISPOSICIÓN NO CORREO ELECTRÓNICO:	

Ós efectos de poder participar no proceso selectivo de **CONTRATACIÓN LABORAL DUN) OPERARIO/A MAQUINARIA FORESTAL**, presenta a seguinte documentación:

- DNI.
- Documentación sentenza xudicial e/ou orde de protección (Vítima de violencia de xénero)
- Tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- Informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade social actualizado mínimo na data de publicación destas bases
- Titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado.
- Certificación correspondente da discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Informe da traballadora social: para acreditar colectivos desfavorecidos actualizado mínimo na data de publicación destas bases (se é o caso).
- Documento probatorio de que a persoa vive socialmente coa súa verdadeira identidade (se é o caso).
- Informe/certificado de Oficina/Servicio Público de Emprego de Galicia para acreditar IPI ´S actualizado mínimo na data de publicación destas bases
- Diploma acreditativo probatorio da acción formativa na que participou.
- Copia compulsado do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, certificado/informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da anterior que acredite ditas circunstancias.
- Certificado de emigrante retornado emitido pola oficina do Ministerio de Traballo e Seguridade Social.
- Permiso de residencia e traballo en España.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Outra documentación:

- 1.
- 2.

4. DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que todos os datos e documentación que aporta son certos.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- A efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes:
Que NON SI desempeña posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984.
Que NON SI realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.
- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- Ter sido informado polo Concello de A Baña que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.
- Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter (XÚNTASE ANEXO NO REVERSO).

A Baña , de de 2026

Sinatura:.....



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal
Finalidade do tratamento	Xestión de persoal funcionario, laboral e eventual do Concello da Baña. Inclúense retribucións, situacións administrativas, dereitos e deberes, prevención de riscos laborais, formación, incompatibilidades, e outros aspectos incluídos na xestión do devandito persoal.
Lexitimación	Artigo 6.1.b) RXPDP o tratamento necesario para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou para a aplicación a petición deste de medidas precontractuais. Artigo 6.1.c) RXPDP o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal: - Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. - Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a - Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. - Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
Categoría de persoas interesadas	Persoal funcionario, laboral e eventual do Concello da Baña.
Categoría de datos	- Datos identificativos: nome e apelidos, DNI/NIF/documento identificativo, número de rexistro de persoal, número de Seguridade Social/Mutualidade, enderezo, teléfono de contacto e sinatura. - Datos de categorías especiais: tipo e grao de discapacidade. - Datos de características persoais: sexo, estado civil, nacionalidade, idade, data e lugar de nacemento, datos familiares. - Datos académicos e profesionais: titulacións, formación e experiencia profesional. - Detalles de emprego: Posto de traballo, carreira profesional administrativa e incompatibilidades. - Datos económico-financeiros: datos económicos de nómina, créditos, préstamos, avais, retencións xudiciais (no seu caso) e outras retencións (no seu caso). - Datos bancarios: número de conta bancaria para o pago da nómina. - Outros datos: relativos á acción social, datos sobre sancións en materia de función pública, certificado de ausencia de delitos de natureza sexual. - Informes e/ou recoñecementos médicos.
Destinatarios/as	Instituto Nacional de Administración Pública, Rexistro Central de Persoal, entidade a quen se encomende a xestión en materia de riscos laborais, Instituto Nacional da Seguridade Social e mutualidades de funcionarios, entidade xestora e depositaria do plan de pensións da Administración Xeral do Estado. Tesouraría Xeral da Seguridade Social, organizacións sindicais, Entidades bancarias e financeiras para o pago de nóminas, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Intervención Xeral da Administración do Estado, Administración do Estado e Administración Local.
Transferencias internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.
Prazos de conservación	Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación aplicable no Concello da Baña.
Medidas de seguridade	As medidas de seguridade (técnicas e organizativas) implantadas cumpran co Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade e no ámbito da administración electrónica (ENS).

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outorguenos o seu consentimento. Para iso, deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS: _____ DNI: _____

DATA E LUGAR: _____ SINATURA: _____